



CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, E A FUNDACIÓN MOP – THE MOP FOUNDATION, PARA A COLABORACIÓN EDUCATIVA NAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO E NA FORMACIÓN PROFESIONAL DE GALICIA.

Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia, modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (DOG Núm. 101 do luns 27 de maio).

Doutra, Dna. Leticia Castromil Dotras, apoderada da Fundación MOP – The MOP Foundation, con domicilio en Cantón Grande nº 4, 15003 – A Coruña e provista de NIF G-10555431. Constituída o 5 de abril de 2022, clasificada de interese cultural por Orde da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo de 6 de maio de 2022 (DOG Núm. 94, do luns 16 de maio) e declarada de interese galego por Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia de 18 de maio de 2022 (DOG Núm. 100, do mércores 25 de maio), inscrita no Rexistro Único de Fundacións, sección da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, co número 2022/000006.

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense mutua capacidade para obrigarse e

EXPOÑEN

I. A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, (BOE núm. 106, do 4 de maio), establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas terán como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos/das futuros/as profesionais das artes plásticas e o deseño, entre outras ensinanzas artísticas. Do mesmo xeito,





no artigo 39 da Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, se establece que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poden producirse ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática e pacífica, e permitir a súa progresión no sistema educativo, no marco da aprendizaxe ao longo da vida.

II. O Real Decreto 1432/2012, do 11 de outubro, establece o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía pertencente á familia profesional artística de Comunicación Gráfica e Audiovisual e se aproban as correspondentes ensinanzas mínimas. No seu anexo I regula as ensinanzas mínimas e descrición do perfil e do contexto profesional deste título, recollendo en relación aos sectores produtivos que "pode exercer a súa profesión no ámbito público ou privado, en empresas do sector da comunicación, axencias de publicidade, estudos de deseño, de moda, prensa, editoriais, TV. En empresas e institucións doutros sectores que así o requiran. Museos e empresas de restauración de obras de arte, arqueoloxía, laboratorios forenses, investigación policial, medicina legal, peritación, etc.", e en relación ás ocupacións e postos de traballo relevantes, entre outros, o de "Fotógrafo de moda. Encargos de deseñadores, fabricantes, distribuidores e revistas de moda". Así mesmo, na Comunidade Autónoma de Galicia o Decreto 92/2015, do 11 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía, indica no seu artigo 7.1 que a persoa que obtén o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía pode exercer a súa profesión nos precitados sectores produtivos, e no seu artigo 7.2 d) que é un/unha profesional cualificado/a para desenvolver, entre outros, o posto de traballo e ocupación de "Fotógrafo/a de moda. Encargos de deseñadores/as, fabricantes, distribuidores/as e revistas de moda".

III. O Real Decreto 1686/2011, do 18 de novembro (BOE Núm. 311 do luns 27 de decembro), polo que se establece o título de técnico superior en Iluminación, Captación e Tratamento de Imaxe e se establecen as súas ensinanzas mínimas, no seu artigo 8 a) sobre a perspectiva do título no sector ou sectores recolle que o perfil profesional deste título, dentro do sector terciario, evoluciona cara a un perfil profesional polivalente capacitado para exercer a súa actividade profesional no sector fotográfico audiovisual e do espectáculo, realizando todas as actividades relacionadas co estudo de proxectos dende o punto de vista da iluminación, a toma e a fotografía entre outros aspectos claves do sector fotográfico nas súas variantes principais de retrato e moda, reportaxe e bodegón. O Decreto 104/2013, do 13 de xuño (DOG Núm. 129 do luns 9 de xullo), polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en iluminación, captación e tratamento de imaxe,





establecido polo Real Decreto 1686/2011, do 18 de novembro, indica que a competencia xeral do título de técnico superior en Iluminación, Captación e Tratamento de Imaxe consiste en realizar proxectos fotográficos completos, captar, rexistrar e tratar imaxes en producións audiovisuais, e iluminar espazos escénicos en audiovisuais, espectáculos e eventos, determinando e controlando a calidade técnica, formal e expresiva. Así mesmo, o artigo 7 do antedito Decreto indica que as persoas que obteñan este título de técnico superior exercerán a súa actividade no ámbito da captación e o rexistro de imaxes e da iluminación, en produtoras de cine e vídeo e en emisoras de televisión, así como en empresas dedicadas á iluminación espectacular en calquera clase de espectáculos e eventos, e tamén en empresas dedicadas á elaboración, a xeración e o tratamento dixital de imaxes fotográficas.

IV. Que a Fundación MOP é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por obxecto o fomento e a difusión da cultura, as artes e as letras en calquera das súas manifestacións, con especial atención ás artes audiovisuais e a fotografía. En desenvolvemento deste obxecto, a Fundación poderá levar a cabo as seguintes actividades, entre outras:

- A promoción, o fomento, o desenvolvemento, a execución e o financiamento de todo tipo de actividades que coadxuven á difusión e extensión da cultura, as artes e as letras en calquera de súas manifestacións, en especial mediante a celebración de exhibicións e exposicións.
- A cooperación con aquelas persoas, organizacións e institucións que destaquen pola súa contribución ao logro dos fins propios da Fundación.
- A concesión de becas, bolsas de estudo e calquera outra axuda similar, económica ou de outro tipo, para a promoción de estudos e actividades relacionados co obxecto fundacional, esencialmente en favor de persoas, organizacións e institucións con insuficiencia de medios económicos pero con dotes artísticas destacadas.

V. Que se estima fundamental a adecuación da formación dos/as fotógrafos/as ao grao de excelencia académica que esixen as ensinanzas, e o recoñecemento e posta en valor dos méritos artísticos e académicos baseados no esforzo e no traballo do alumnado. Estes obxectivos requiren dunha activa participación e corresponsabilización de todos os axentes sociais implicados, como procedemento clave para a actualización e capacitación técnico-artística dos/das estudantes do ámbito da fotografía, o que fai preciso a colaboración dos asinantes deste acordo, que permitirá afianzar o proceso de ensino-aprendizaxe nas ensinanzas artísticas profesionais de artes plásticas e deseño e na formación profesional.





En consecuencia, ambas as partes acordan subscribir o presente convenio, en base ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Fundación MOP e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para a realización de estadias no estranxeiro de técnicos superiores de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía e técnicos superiores en Iluminación, Captación e Tratamento de Imaxe dos centros dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Segunda. *Actuacións de colaboración*

A referida colaboración levarase a cabo a través da concesión de catro (4) bolsas dirixidas ao alumnado dos centros dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que no curso académico 2025/26 finalice o segundo curso do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía ou o segundo curso do título de técnico superior en Iluminación, Captación e Tratamento de Imaxe.

A Fundación MOP obrígase a sufragar os custos de viaxe en avión, aloxamento e programa educativo MA Photography do Royal College of Art (Londres) ao longo do primeiro trimestre de 2026. Ademais, a Fundación MOP aboará a cada bolseiro unha cantidade en concepto de custos de manutención xerados pola estadia artística dos bolseiros no Royal College of Arts ao longo dos meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2026. A Fundación MOP practicará as retencións e ingresos a conta que resulten procedentes de conformidade co previsto na normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, pasando a constituír estas retencións e ingresos a conta practicadas un maior importe bruto da bolsa.

Pola súa parte, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional comprométese a promover e organizar a convocatoria entre o alumnado dos centros dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que no curso académico 2025/26 finalice o segundo curso do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía ou o segundo curso do título de técnico superior en Iluminación, Captación e





Tratamento de Imaxe; así como a organizar as reunións da comisión avaliadora na que se realizará a selección das persoas beneficiarias, de conformidade co disposto na cláusula terceira seguinte. A Dirección Xeral de Formación Profesional publicará a convocatoria no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal>, comprometéndose a comunicar na devandita convocatoria a suxeición a tributación no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas das bolsas.

Terceira. Selección das persoas bolseiras e fases do procedemento

1. Poderá concorrer o alumnado dos centros educativos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que no curso académico 2025/26 finalice o segundo curso do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía ou o segundo curso do título de técnico superior en Iluminación, Captación e Tratamento de Imaxe.
2. Os requisitos para a selección das persoas bolseiras estableceranse por Resolución da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se fará pública a convocatoria das devanditas bolsas.
3. De entre todas as solicitudes presentadas que cumpran os criterios establecidos, preseleccionaranse as oito (8) mellores candidaturas atendendo aos requerimentos recollidos na Resolución da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se fará pública a convocatoria de bolsas para estadias no estranxeiro segundo o recollido no enunciado nos anteriores epígrafes. Os requerimentos serán tales como o nivel de inglés do candidato, os méritos académicos dos estudos realizados e a calidade técnica e artística do proxecto presentado.
4. As oito (8) candidaturas con maiores valoracións atendendo ao punto anterior, deberán realizar unha entrevista persoal, que será cualificada entre 0 e 10 puntos. Nesta entrevista valorarase o coñecemento e interese acerca da fotografía de moda. Deberá acadarse un mínimo de cinco (5) puntos para poder resultar seleccionado/a. A cualificación desta entrevista establecerá a orde de adxudicación das bolsas.
5. Para a valoración das solicitudes, entrevista e selección das persoas candidatas, constituirase unha comisión avaliadora que estará integrada por:

- a) A persoa responsable da Dirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue, que será o/a seu/súa presidente/a e terá voto de calidade en caso de empate.





b) Dous vogais: a persoa responsable da Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente, Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas, e un vogal da Fundación MOP ou do Royal College of Art.

c) Unha persoa asesora de ensinanzas artísticas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actuará como secretaria da comisión.

6. A comisión avaliadora terá atribuídas as competencias para o outorgamento das bolsas, segundo todo o recollido na Resolución da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se fará pública a convocatoria de bolsas para estadias no estranxeiro; sendo a súa decisión inapelable.

7. As catro (4) bolsas adxudicaranse estritamente pola orde decrecente da puntuación final obtida na fase da entrevista do proceso de selección, adxudicándose a primeira bolsa á candidatura con maior puntuación.

8. A comisión avaliadora poderá declarar deserta calquera das catro (4) bolsas convocadas.

9. A adxudicación das bolsas ás persoas seleccionadas será publicada no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Cuarta. Difusión do convenio

Na difusión do presente convenio deberá facerse constar a colaboración da Fundación MOP e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Na difusión destas bolsas de estadia no estranxeiro poderán intervir outras institucións que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ou a Fundación MOP consideren de interese para este fin. Así mesmo, poderán deseñarse accións para publicitar estas bolsas.

Sen prexuízo da normativa que resulte de aplicación, os actos relativos á información e comunicación das actuacións realizadas ao abeiro do convenio, así como os termos nos que se fará pública esta colaboración, estableceranse de mutuo acordo entre ambas partes.

Quinta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión que velará polo correcto desenvolvemento do presente convenio.





Esta comisión estará constituída por:

- a) A persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en que delegue.
- b) Dúas persoas representantes da Fundación MOP.
- c) Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actuará como secretaria.

Esta comisión reunirse sempre que o requira unha das partes, con previo aviso á outra parte con polo menos unha semana de antelación, e ao remate das estadías para realizar unha valoración final.

Sexta. Vixencia

O presente convenio terá unha vixencia ata o momento de finalización das estadías, sen prexuízo de que a vixencia poida verse estendida no suposto de que a estadía non se puidese realizar no prazo establecido inicialmente por causa de forza maior allea a calquera das partes.

Sétima. Extinción e resolución do convenio

Extinción: o convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorreren en causa de resolución, consonte o artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Son causas de resolución:

- a) Incumprimento das prestacións e obrigas establecidos nas cláusulas do convenio.
- b) Mutuo acordo das partes.
- c) Denuncia, expresa e cunha antelación dun mes, de calquera dos asinantes.

Oitava. Natureza do convenio

1. O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas deste. No non previsto, e co fin de resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, aplicaráselle os principios recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.





2. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puideran xurdir da aplicación do presente convenio.

Novena. *Publicidade activa*

De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do convenio, sen que poidan utilizalas para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigacións subsistirán incluso despois de finalizaren as relacións entre as partes.

Este convenio será obxecto de publicidade a través dos mecanismos establecidos para o efecto pola Xunta de Galicia, en aplicación do establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Así mesmo, e para garantir que non se transgreden os límites do dereito de acceso á información pública, así como dos derivados da normativa en materia de protección de datos persoais establecidos pola normativa básica, as persoas asinantes manifestan o seu consentimento e autorización para facer pública a información relativa aos seus datos persoais e o resto de especificacións que constan no convenio, e aceptan expresamente a publicación íntegra do convenio no portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano dixitalmente.

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

A apoderada da Fundación MOP – The
MOP Foundation

Román Rodríguez González

Leticia Castromil Dotras

